



ANTECEDENTES

Primeiro.- Durante a fase de admisión e matrícula de alumnado de novo ingreso para o curso académico 2020-2021, o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) non tiña regulado o acceso do alumnado de máster e doutoramento da UDC ás súas instalacións.

Esta circunstancia afectou de modo singular ao Programa Oficial de Doutoramento (POD) en Bioloxía Celular e Molecular, que ten un convenio co INIBIC para a realización de estudos de doutoramento nos laboratorios deste Instituto, contando coa colaboración dos seus grupos de investigación. Así, o alumnado que pretendía realizar os estudos de doutoramento neste POD en grupos de investigación do INIBIC, ante a imposibilidade de acceder aos laboratorios, non realizou a solicitude admisión no primeiro prazo ordinario de admisión e matrícula da UDC. Esta situación supuxo unha importante eiva para o citado POD, en canto que produciu unha diminución substancial do número de estudantes matriculados.

Recentemente, a Dirección Científica do INIBIC e a Fundación Profesor Novoa Santos regularon o acceso do alumnado ás súas instalacións, desaparecendo así o atranco para que o alumnado poida realizar os seus estudos de doutoramento nos laboratorios deste Instituto e coa colaboración dos seus grupos de investigación.

Segundo.- Por todo isto, a Coordinadora do POD en Bioloxía Celular e Molecular solicitou a apertura dun prazo excepcional de admisión e matrícula para este curso académico 2020-2021 no seu programa.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Artigo 36 dos *Estatutos da Universidade da Coruña*, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, no que se establecen as competencias do reitor.

2.- Artigo 12 das Normas de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña, curso 2020/2021, aprobadas en Consello de Goberno o 23/07/2020 no que se faculta á Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente para ditar as resolucións e as instrucións precisas que desenvolveren esta normativa académica, á que se lles dará a publicidade necesaria nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios, na web da UDC e naqueles outros lugares ou medios que se consideren oportunos.

Debido ás circunstancias alleas ao alumnado que motivaron que non realizasen no prazo establecido a admisión e a matrícula nos estudos de doutoramento no Programa de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular, e tendo en conta que hai prazas vacantes, por petición da CAPD

RESOLVO:

Establecer un prazo extraordinario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento no **Programa de Doutoramento en Bioloxía Celular e Molecular** de acordo cos requisitos e coas condicións establecidas nas "Normas de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña, curso 2020/2021", co seguinte calendario:



- **Do 23 ao 25 de novembro de 2020:** Solicitud de admisión que deberá realizarse presentando a solicitude e a entrega da documentación na UADI da Facultade de Ciencias. Poderase adiantar por correo electrónico a uadi.ciencias@udc.es
- **27 de novembro de 2020:** Data límite para a resolución das solicitudes e comunicación aos interesados/as.
- **Do 30 de novembro ao 2 de decembro de 2020:** prazo de reclamacións.
- **3 de decembro de 2020:** Publicación da lista definitiva.
- **4 ao 9 de decembro:** Matrícula na Sección de Estudos de Doutoramento. Solicitarase por correo electrónico á terciclo@udc.es

A Coruña

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Documento asinado dixitalmente